

Ditados lingua galega

Teño unha irmanciña nova! Onte fun visitala ao hospital, mamá estaba a durmir e eu achegueime a Claudia, que é como se chama. Tiña os braciños moi suaves e ao tocala comezou a abrir os ollos, non podía crer que ese bebé tan pequeniño fose a miña irmá.

Os bosques galegos están cheos de vexetación. As árbores máis comúns son os bidueiros, os carballos, os castiñeiros ou os loureiros. A formación dun bosque é un proceso lento. Comeza coas herbas, logo os arbustos e as primeiras árbores. Entón, veñen os seres vivos e o bosque comeza a desenvolverse.

Cada mañá soa o despertador para ir ao cole e eu levántome enseguida. Encántame como soa, é unha melodía da que nunca te aburres e por iso sempre o deixo soar un bo anaco. Miña nai regaloumo hai un ano polo meu aniversario, é pequerrecho así que o podo levar cando marchamos de viaxe.

Teño unha irmanciña nova! Onte fun visitala ao hospital, mamá estaba a durmir e eu achegueime a Claudia, que é como se chama. Tiña os braciños moi suaves e ao tocala comezou a abrir os ollos, non podía crer que ese bebé tan pequeniño fose a miña irmá.